



Obradoiros de extensión universitaria

1º Cuadrimestre 2019/20
Campus de Ourense



Reiniciamos!

NOVOS OBRADOIROS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

DESTINADOS Á CIDADANÍA EN XERAL E UNIVERSITARIOS/AS


MATRÍCULA: culturxest.uvigo.es do 16 de setembro ao 2 de outubro

Área de Servizos á Comunidade
Unidade Administrativa
Campus Universitario de Ourense
(+34) 988 387 102
culturavicou@uvigo.gal



Obradoiros de extensión universitaria

1º Cuadrimestre 2019/20
Campus de Ourense



Reiniciamos!

MATRÍCULA: culturxest.uvigo.es



INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

As inscricións e matrícula faranse online do 16 de setembro ao 2 de outubro a través da web culturxest.uvigo.es

Comunidade universitaria: 35 % de desconto no prezo da matrícula

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 30 horas de traballo



AULAS DE TEATRO *

Presentación de todos os niveis o mércores 16 de outubro ás 20.00 h
Aula do teatro. Pavillón 1

AULA DE TEATRO. NIVEL 1. ROSAURA

Este obradoiro é un inicio ao mundo do teatro. De xeito ameno e creativo vivirás a experiencia da formación dun grupo, coñecerás os conceptos de espazo e tempo teatral, o xogo dramático, a introducción ao traballo de corpo, voz e interpretación que supón a creación dun espectáculo. Estás no comezo dunha escola teatral nivelada de referencia na Universidade estatal e que ten a súa conclusión neste curso coa representación de teatro de rúa no mes de abril durante a MITEU.

Código: 2019/750
Dirección: Fernando Dacosta
Docencia: Sarabela Teatro
Datas: 24/10/2019 a 27/04/2020 - Xoves de 19 a 22 h (de marzo a abril, martes e xoves)
Horas: 80
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 80€
Lugar de celebración: Aula de Teatro

AULA DE TEATRO. NIVEL 2. CORDELIA

Neste obradoiro, destinado aos que fixeron o 1º nivel ou a quen teña experiencia teatral suficiente, traballarás no afondamento das técnicas físicas e vocais, da creación do personaxe, coñecerás o que é a dramaturxia, e a preparación de todos os elementos que rodean unha obra para harmonizalos nunha montaxe de esceas teatrais que se presentarán no Teatro Principal durante a MITEU.

Código: 2019/751
Dirección: Fernando Dacosta
Docencia: Sarabela Teatro
Datas: 22/10/2019 a 26/04/2020 - Martes de 19 a 22 h (de xaneiro a abril, martes e xoves)
Horas: 90
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 80€
Lugar de celebración: Aula de Teatro

AULA DE TEATRO. NIVEL 3. MARICASTAÑA

Todo o que fuches traballando nos anos anteriores cobra relevancia para adentrarse na montaxe dunha obral teatral. Trala preparación e posta a punto actoral irás adentrándote no universo que supón unha posta en escea, coñecendo os elementos técnicos e interpretativos, sentindo a creación en grupo e plasmando todo isto nunha montaxe que xirará por diversas mostras universitarias de Galicia, España e Portugal.

Código: 2019/752
Dirección: Fernando Dacosta
Docencia: Sarabela Teatro
Datas: 21/10/2019 a 25/04/2020 - Luns e mércores de 19 a 22 h (de xaneiro a abril ata as 22.30 h)
Horas: 190
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 80€
Lugar de celebración: Aula de Teatro

AULA DE TEATRO INFANTIL. GEPETTO

Neste obradoiro tes a oportunidade de facer teatro para nenas e nenos. Durante algo máis de 2 meses traballaremos, xogaremos e reflexionaremos sobre os temas que lle interesan aos cativos para presentarllos de xeito lúdico e divertido. Habrá preparación física e técnica de cara á montaxe dunha obra de teatro que será estreada na MOTI. Aprenderá a facer teatro e contarás cuns espectadores marabillosos nunha experiencia única.

Código: 2019/753
Dirección: Fernando Dacosta
Docencia: Sarabela Teatro
Datas: 21/10/2019 a 30/12/2020 - Luns, martes e mércores de 19 a 22 h
Horas: 80
Número de prazas: 15
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Aula de Teatro

AULA DE DANZA D-OU-TRAS

Achegamento á danza contemporánea e creación escénica fundamentalmente a través do corpo. Para todos os niveis. Propónse un obradoiro para a creación escénica tutilizando como ferramenta principal o corpo e o movemento. Neste obradoiro traballarase unha peza escénica de 15 minutos que se mostrará nos festivais universitarios de Ourense, Santiago e Coruña (custe dos desprazamentos para actuacións incluído na matrícula).

Código: 2019/754
Dirección: Traspediente Danza
Docencia: Nuria Sotelo
Datas: 15/10/2019 a 25/04/2020 - Martes e mércores de 19 a 21
Horas: 70
Número de prazas: 15
Prezo da matrícula: 80€
Lugar de celebración: Ludoteca

OBRADOIRO DE GAITA GALEGA

Dar a coñecer o instrumento e profundizar os seguintes apartados (desde iniciación a perfeccionamento: Introducción á música tradicional, técnicas de gaita, tipos de dixitación, estudio do repertorio, taller de afinación, taller de ornamentación. Os combos instrumentais tradicionais. Iniciación e técnica na percusión tradicional.

Código: 2019/755
Dirección e docencia: Gonzalo Abelairas
Datas: 10/10/2019 a 17/01/2019 - Xoves de 19 a 22 h
Horas: 30
Número de prazas: 10
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Seminario Asociacións

INTERVENCIÓNS ASISTIDAS POR CANS/CADELAS

Nestas xornadas queremos facer partícipes a todas/os as/os asistentes/os dos beneficios do traballo con cadelas/cans tanto en actividades como en terapia, baixo o prisma da educación social, pero sempre tendo en conta o estado emocional e cognitivo do animal que permite a xeración destes espazos diferenciados. Aprenderemos doutra especie e achegáremonos con eles a axudar a outras persoas. Entrega final dun dossier individual arredor de 2 publicacións.

Código: 2019/756
Dirección: Xosé Manuel Cid Fernández
Docencia: Xosé Manuel Cid, Virginia Torrecilas e Arantza Fernández
Datas: 08/11/2019 a 29/11/2020 - Venres, de 10 a 15 horas
Horas: 30 (20 h prácticas e 10 h individual)
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Aula 0.10 do edificio de Facultades

MONTAXE E MANTEMENTO DE COMPUTADORES


Curso práctico de montaxe e instalación de computadores. Aprenderás todo o preciso para reparar e ampliar o teu PC por ti mesmo, montando e configurando os compoñentes hardware de PCs e portátiles. Aprende a instalar, reinstalar, actualizar ou reparar o sistema operativo do teu equipo informático.

Código: 2109/757
Dirección: Javier Rodeiro Iglesias
Docencia: Javier Rodeiro Iglesias e Raúl Piñeiro Martínez
Datas: 07/10/2019 a 30/10/2019 - Luns a xoves de 19.45 a 21.45 h
Horas: 30
Número de prazas: 15
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Aula 0.10 do edificio de Facultades

PROGRAMA MINDFULNESS E BENESTAR

O mindfulness é unha disciplina relacionada co benestar integral que está en auxe desde hai máis de tres décadas cada vez en máis campos, empezando polo ámbito da saúde mental ata extenderse ao campo da educación. Este programa foi deseñado para iniciar a adultos, nunha proposta que combina teoría, prácticas grupais e prácticas individuais.

Código: 2019/758
Dirección e docencia: Stuart McNicholls
Datas: 07/10/2019 a 25/11/2019 - Luns de 18 a 20 h
Horas: 30 (15 h de sesións prácticas e 15 h de sesións de traballo persoal)
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Seminario inglés Pavillón 1



IDENTIFICACIÓN PRÁCTICA DE COGUMELOS

O obradoiro centrarase no coñecemento de conceptos teóricos sobre a macromicología e o emprego de diferentes ferramentas para a identificación práctica de cogumelos. En todas as xornadas realizaranse saídas de campo polo campus de Ourense para apanar o exemplares que se identificaran na aula da Facultade de Ciencias.

Código: 2019/759
Dirección: María Luisa Castro Cerceda
Docencia: María Luisa Castro e un equipo docente especialista
Datas: 10/10/2019 a 12/12/2019 - Xoves, de 16 a 19.30 horas
Horas: 30
Número de prazas: 24
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Aula B4 do edificio Politécnico

MELLORA A COMUNICACIÓN E CREA MARCA

Es o que comunicas?. Queres comunicar o que es?. Descubre neste curso as claves e ferramentas para unha comunicación efectiva presencial e online que che axuden a alcanzar o éxito nas túas iniciativas.

Código: 2019/760
Dirección: José Luis Martínez Orge
Docencia: José Luis Martínez Orge, Rosa Casares Prieto, Patricia Joga Díaz e Berta Ramos Nespereira
Datas: 8/10/2019 a 7/11/2019 - Martes e xoves, de 16 a 19.30 horas
Horas: 30
Número de prazas: 20
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Laboratorio do edificio Politécnico

OBRADOIRO DE XUSTIZA TERAPÉUTICA

O taller pretende formar aos asistentes en prácticas fundamentadas no paradigma da xustiza terapéutica, que sostén que o Dereito e a aplicación do mesmo ten capacidade para potenciar o benestar das persoas. Este modelo insta a resolver non só o problema e conflito, senón tamén a causa que o motivou. Para acadalo incorpora ao sistema legal coñecementos e achados de distintas disciplinas, entre elas da psicoloxía, da criminoloxía e do traballo social. Neste taller en concreto, desenvólvense as habilidades e competencias necesarias para empregar as prácticas restaurativas tanto de forma proactiva como reactiva na resolución de conflitos de diferentes ámbitos (familiar, educativo, social, laboral, xudicial e comunitario).

Código: 2019/761
Dirección: María José Vázquez Figueiredo e Francisca Fariña Rivera (Grupo PS1-Psicoloxía Xurídica)
Docencia: María José Vázquez Figueiredo, Francisca Fariña Rivera, Rafael Pérez de Lis e Ana Isabel Pérez Figueroa
Datas: 4, 11, 18 de outubro e 8 de novembro - De 16 a 21 horas
Horas: 30 (20 horas de formación presencial e 10 h de actividades prácticas individuais)
Número de prazas: 25
Prezo da matrícula: 40€
Lugar de celebración: Sala Emilia Pardo Bazán do edificio de Facultades

